

CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR POLA QUE SE ANUNCIA O PRAZO DE RESERVA DE PRAZA, PREINSCRICIÓN DE NOVO INGRESO E MATRÍCULA DE USUARIAS/OS DAS ESCOLAS INFANTÍS PARA O CURSO 2013/2014 E OS SEUS ANEXOS

Advertidos erros na resolución da Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar pola que se anuncia o prazo de reserva de praza, preinscrición de novo ingreso e matrícula de usuarias/os das escolas infantís para o curso 2013/2014, cómpre efectuar as seguintes correccións:

PRIMEIRA.No artigo 5 da resolución onde di: "As/os solicitantes tanto de reserva de praza como de novo ingreso, interesadas/os en participar no programa Cheque Infantil, deberán cubrir o apartado correspondente no anexo I desta resolución e ademais presentar".

Debe dicir: "As/os solicitantes de novo ingreso interesadas/os en participar no programa Cheque Infantil, deberán cubrir o apartado correspondente no anexo I desta resolución e ademais presentar".

SEGUNDA.No artigo 6 da resolución onde di: "O prazo para a presentación das solicitudes tanto de reserva de praza como de novo ingreso será dende o día 21 de febreiro ao 21 de marzo, ambos os dous incluídos".

Debe dicir: "O prazo para a presentación das solicitudes tanto de reserva de praza como de novo ingreso será dende o día 21 de febreiro ao 20 de marzo, ambos os dous incluídos".


TERCEIRA. Na autorización contida no anexo I suprímese o seguinte: "esta autorización prestarase para o caso de non ter presentada a declaración sobre o imposto da renda das persoas físicas correspondente ao exercicio 2011".

Na relación de "documentación que se xunta" no apartado 3º do Anexo II onde di: "Copia cotexada da declaración do IRPF do exercicio 2011 de todos os membros da unidade familiar. Para o suposto de que non se teña presentada, o/a interesado/a deberá asinar a correspondente autorización ao Consorcio para obter da AEAT os datos de carácter tributario necesarios para a determinación da renda da unidade familiar. A estes efectos todos os membros con ingresos, que compoñen a unidade familiar, deberán asinar a dita solicitude".

Debe dicir: "Copia cotexada da declaración do IRPF do exercicio 2011 de todos os membros da unidade familiar, só no caso de non autorizar a consulta directamente polo Consorcio. Para o suposto de que non se teña presentada, o interesado deberá asinar a correspondente autorización ao Consorcio para obter os datos de carácter tributario necesarios para a determinación da renda da unidade familiar. Para ambos efectos, todos os membros con ingresos que compoñen a unidade familiar deberán asinar a dita solicitude".

Os anexos I e II adaptados á presente corrección son os que están a disposición de todas as persoas usuarias na páxina web do Consorcio.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2013



**CONSORCIO
GALEGO**
de Servizos de Igualdade e Benestar